

CV



Pataghulhos leva por bandeira o ánimo trouleiro do Morrazo en conexión coa música tradicional. Á gaita, tambor, bombo e pandeireta, súmanse guitarra e violín, achegando novas sonoridades ao repertorio do país e creando un ambiente propicio para o baile e a festa.

Os comezos

Despois de anos coincidindo en festas populares e festivais de música tradicional e folk e tras compartir moitos momentos de ocio ao redor da música e o baile tradicionais, Pataghulhos xúntase por primeira vez en 2021 coa idea de preparar un repertorio común que levar a foliadas e furanchos.

Co éxito desa nova agrupación, esa primeira idea evoluciona e nacen novas inquiredanzas e necesidades: crear arranxos propios aos temas tradicionais do repertorio, recoller novas pezas das informantas da comarca, organizar ensaios semanais...

O punto de inflexión

Chega o verán de 2022 e este grupo de xóvenes decide poñer a proba o grupo facendo unha viaxe a Escocia. Así, en setembro voan á capital escocesa cos seus instrumentos e coa ilusión de atopar espazos onde amosar a súa música e abrir novos horizontes.

A conexión tanto musical como persoal que viven durante esa viaxe, así como o bo recibimento por parte do público escocés, serían o motor definitivo para animar ao grupo a consolidarse definitivamente como Pataghulhos e traballar conxuntamente nunha proposta artística que aunara todas as posibilidades creativas dos seus membros.



A consolidación da formación

Con este obxectivo, dedican a tempada do 2023 a traballar nun repertorio variado e animado, que recolla a alegría e o carácter trouleiro dos seus membros, con moita sensibilidade artística e comprometido co valor patrimonial da música e o baile tradicional: ás pezas de formación tradicional lideradas polo son da gaita súmanse novos arranxos onde os protagonistas son a requinta e o violín; ao repertorio de pezas populares cantadas ao unísono co público xeral, engádenselle unha nova sección de pezas seleccionadas e arranxadas concienzudamente e con moito mimo polos cantareiros e pandeireteiros do grupo, respectando os toques, a fala e os adornos orixinais recollidos das informantas.

Como colofón final desta tempada de traballo, e instaurándose xa como motor motivacional do grupo, agárdalles a ilusión de volver a viaxar no verán. Así, en xuño de 2023, cos deberes feitos, novas caras e instrumentos, volven facer as maletas, cargan o coche ata arriba e póñense rumbo a Francia coa súa estudiada proposta artística.



Os escenarios

Os meses de traballo deron o seu froito e Pataguhlos deu o salto ao escenario. No verán de 2023 encheuse a axenda pataguhla con festas e seráns, chegando incluso a participar no XXXIX Festival Intercéltico do Morrazo (Concello de Moaña) dentro do programa da MOA. A partir de aí o teléfono xa non deixaría de soar con invitacións a participar en eventos máis ou menos informais, pero nunca faltou ese ambiente trouleiro característico que non deixa a ninguén indiferente.

